



Recrutar na granxa, unha conta aínda pendente

A pesar da innegable importancia da recría, continúan a ser moitos os problemas que se expoñen á hora de poñela en práctica na nosa explotación. Neste artigo reflexiono sobre algúns dos principais motivos e propoño algunhas solucións para poder conseguir animais máis eficientes e, por tanto, lograr máis beneficios na produción de leite.

Manolo Liz

Servizos Veterinarios da Pontenova (Servepo), Lugo
<https://www.servepo.com/>

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Parece que a recría será durante un tempo unha das principais áreas de mellora das nosas explotacións. Gran parte dos avances conseguidos céntranse nas vacas en lactación, incidindo no manexo e nas instalacións para aumentar de forma considerable a produción por vaca en muxido. Habitualmente, a recría faise con menos criterio, aproveitando instalacións vellas de dubidosa idoneidade e ignorando en ocasións os protocolos que este labor esixe.

Non é estraño que na actualidade sexa a mellora máis importante que

debemos afrontar se pensamos que as vacas adultas son a ferramenta de traballo do gandeiro. Aínda que sexa por tradición, parece que como gandeiros estamos obrigados a fabricar a nosa ferramenta de traballo, algo discutible se non o facemos de forma correcta; é unha tarefa que non teñen que asumir noutras industrias e/ou empresas que compran a provedores a materia prima que necesitan e nese “estar obrigados” arrastramos as tradicións e o descoñecemento dunha área que en si mesma é unha especialidade.

Non esquezamos que a futura vaca nace na explotación coma un rumiante que non se porta como tal nos primeiros días. Debemos conseguir que se converta nun adulto que substitúa dignamente os seus antecesores e sexa eficiente durante os días nece-

sarios para amortizarse e sumar os maiores días posibles na explotación, tentando que o custo para producir cada litro de leite sexa o máis baixo posible. Neste contexto de facer nós mesmos a nosa recría, cada día de enfermidade, cada baixa ou cada atraso no crecemento suporán menos días produtivos na granxa e así o avalan moitos estudos realizados.

É moita a información que actualmente nos achegan os laboratorios, as casas comerciais e as revistas especializadas mediante charlas, talleres formativos e grupos de traballo, sen esquecer Internet, pero a resposta desde as explotacións parece que non é acorde á formación que temos dispoñible tanto gandeiros coma veterinarios. Se non asumimos os cambios para atender o que parecen evidentes áreas de mellora... cal é a razón?

O PESO DA RECRÍA

Os días totais de vida (DTV) son a suma dos días totais produtivos (DTP) e dos días totais improditivos (DTI). Os DTI son a suma dos días totais de recría (DTR) mais os días totais de secado (DTS), que, á súa vez, son a suma dos períodos que a vaca está seca entre cada parto (Sec 1+ Sec 2 + Sec 3...).

Nun establo con bos datos reprodutivos, a zona “verde” de DTP só superará a zona “vermella” de DTI despois da 3.^a lactación. Así mesmo, a amortización dunha vaca (que depende de moitos factores), normalmente conséguese nalgún momento da 2.^a lactación, polo que parece evidente que necesitamos reducir os DTI (ollo coas baixas na recría) e superar con a maior folgura posible a 2.^a lactación.

Africor Lugo presenta no seu informe de lactacións finalizadas o dato de kg de leite/día de vida, só dispoñible desde que a vaca causa baixa na explotación. Nesta provincia, a media está en 16 kg/día de vida e a mellor explotación conseguía segundo datos de 2018 23 kg/día de vida, case o 50 % máis que a media. Na miña opinión, detrás dun dato positivo como o comentado, está atender co mellor criterio as etapas non produ-

tivas: recría e periparto. A recría suma máis de 780 días actualmente usando datos de Africor. A priori resulta frustrante que en moitos casos as nosas vacas estivesen máis días da súa vida sen dar leite que producindo.

Usando os datos de explotacións dun mesmo grupo de gandeiros

comparei os que no ano 2018 conseguían menos de 16 kg/día (G1) de vida nas súas baixas cos que superaban esa cifra (G2) e obsérvanse grandes diferenzas tamén en produción vitalicia, número de lactacións conseguidas e a idade ao primeiro parto, o tema que nos ocupa. ►►

Figura 1. Observación de como se necesita chegar á 3.^a lactación e terminala para asegurar que os DTP>DTI

DTI= días totais improditivos			L3 completada	L4
	Meses	Días	902	
Meses de recría	24	732		
Secado 1	2	60		
Secado 2	2	55		
Secado 3	2	55	47 %	902
				40 %
DTP=días totais produtivos				
L1	11,3	345	1.031	
L2	11,3	345		
L3	11,2	342	53 %	1.336
L4	10	305		60 %
Intervalo parto-parto 400			DTV= DTP+DTI 1.933	2.238

Os valores de secado e de lactacións son valores adecuados e desexables (secados <60 e lactacións de 11,3 meses, para ter intervalo P-P medios de 400 días). Na columna da dereita, relación que se xera se prolongásemos ata a 4.^a lactación e a completásemos 305 DEL (a relación DTP/DTV melloraría ostensiblemente)



EMBRIOVET SL es un equipo veterinario especializado en servicios de transferencia embrionaria en ganado bovino de leche y de carne

Nuestras nuevas instalaciones en Betanzos incluyen un avanzado laboratorio de fecundación *in vitro*

Le ayudamos a desarrollar el programa genético de su explotación:

- **Diseño** del programa genómico
- **Creación de índices genéticos** personalizados
- **Asesoramiento genético completo.** Programa de acoplamientos
- **Programa de Transferencia de embriones:**
 - *Flushing* y transferencia o congelación de embriones
 - Producción de embriones *in vitro*: OPU-FIV
 - Programa de rescate genético
- **Comercio de embriones:**
 - Nacional
 - Importación/Exportación

www.embriomarket.com
administracion@embriovet.com
981 791 843 649 239 488



- 2 laboratorios móviles con base en Galicia
- Servicio en toda la península e islas españolas
- Veterinarios especializados en tecnologías reproductivas al más alto nivel


En nuestras nuevas instalaciones en Betanzos (A Coruña) ofrecemos toda la tecnología embrionaria, abarcando la fecundación *in vitro* en todas las facetas.

Comparativa entre explotacións pertencentes a un mesmo grupo gandeiro			
	G1	G2	Diferenza
Media kg/día vida. Ref 16 kg/día	14,72	19,40	4,69
Media n.º lactación baixa	2,64	3,20	0,56
Media produción vitalicia	28.814	42.138	13.324
Idade ao primeiro parto xovencas en meses	26,24	24,54	-1,70

G1= valor medio das ganderías con < 16kg/día (5 explotacións)

G2= valor medio das ganderías con > 16 kg/día (8 explotacións)

Figura 2. Días produtivos/improdutivos



ALGUNHAS EXPERIENCIAS EN FOROS DE RECRÍA

Tiven a sorte de participar activamente en moitas xornadas da formación e talleres de recría que antes comentaba e aproveito para contar algunha experiencia, á vez que lles agradezo a todos eles esa oportunidade á que nos sumamos uns cantos veterinarios. En concreto, nunha reunión formativa ofrecida pola compañía MSD unha das actividades consistiu en responder a dúas preguntas moi concretas:

- Que problema hai para non dedicarlle máis tempo á recría?
- Cal sería a solución para corrixir esa carencia?


Debido a que só eramos veterinarios, dispúxosenos en dous grupos, de maneira que aproximadamente cincuenta veterinarios respondían facendo de gandeiros (contestaban o que eles ouvían) e os outros cincuenta respondían como o que eran, veterinarios. As respostas expúñanse en murais e despois todos votabamos as que máis nos convencían. Os gandeiros (veterinarios facendo de gandeiros) alegaban non ter tempo, ter moito traballo e algún, non ter coñecementos para facelo mellor.

Os auténticos veterinarios alegaban non ser capaces de convencer o gandeiro, non estar remunerados e algún, non ter tempo (entendo que se “autodescartaban”).

En canto ás solucións, expúñase atopar a maneira de demostrar que facer as cousas mellor na recría sería un investimento moi rendible e que só así se podería cobrar por asesorar neste aspecto. En definitiva, falta formación tanto en gandeiros coma en veterinarios para ver unha área de mellora nos animais “que aínda non dan leite”. ►►


Figura 3. Selección das mellores coincidencias do que pensan os gandeiros

Freno según gandeiro. (O que oímos os veterinarios...)



Os círculos da mesma cor din o mesmo

Figura 4. Selección de opinións máis votadas polos veterinarios



Iguais cores, mesma opinión: din o mesmo

Figuras 5 e 6. Selección de opinións máis votadas polos veterinarios

Solución según veterinario facendo de gandeiro



Os círculos da mesma cor din o mesmo

► TANTO O GANDEIRO COMA O VETERINARIO DEBERIAMOS FACER CADA VEZ MELLOR O NOSO TRABALLO

Figura 7. Enquisa realizada a 22 gandeiros antes do inicio dunha charla formativa sobre recría

Por que non lle dedicas máis tempo á recría? Que te frea?			22 respostas
a	Non teño tempo	3	14 %
b	Xa o fago bastante ben	11	50 %
c	Non teño seguridade; necesito saber máis sobre o tema	4	18 %
d	É caro facelo mellor	2	9 %
e	Teño moito traballo co resto da explotación	2	9 %
Que necesitarías para dedicarlle máis tempo á recría?			22 respostas
a	Que mo expliquen mellor	6	27 %
b	Que o veterinario me guíe nisto	3	14 %
c	Xa o fago bastante ben	3	14 %
d	Que me demostren a rendibilidade en euros para investir convencido	5	23 %
e	Que paguen mellor o leite	5	23 %

Copiando o modelo anterior, xusto antes de impartir unha charla sobre recría patrocinada por Zoetis a 22 gandeiros da Asociación Sóleite, elaborei unha enquisa con respostas tipo test; O máis sorprendente dos resultados é que o 50 % dos gandeiros entenden que manexan e atenden ben a súa recría, pero na resposta á segunda pregunta, só o 14 % mantén que o fai bastante ben, elixindo antes o asesoramento e/ou a demostración de que investir na recría é

rendible. Por suposto, tamén se pode ver a resposta “que me paguen mellor o leite”, indicativo de parte do problema, xa que nesa resposta se evidencia que algún gandeiro interpreta a recría coma un traballo “extra” que non afronta por propia iniciativa.

Tanto o gandeiro coma o veterinario deberíamos facer cada vez mellor o noso traballo e a partir de aí edificar as melloras; entendo que niso o prezo do leite non é determinante, pero si a nosa formación.

Animado polas curiosas conclusións que as enquisas permiten deducir, meses máis tarde nunha reunión de veterinarios *frikis* que dedicamos parte do noso tempo libre a compartir experiencias veterinarias (moi edificante e estimulante), propuxenlles aos meus compañeiros a enquisa para as dúas preguntas, pero con resposta libre. Dos nove compañeiros, mostro as respostas individualizadas de cada veterinario e tamén o seu resumo, “cociñado” por min.

Figura 8. Respostas ordenadas en porcentaxe decrecente

Por que non lle dedicas máis tempo á recría? Que te frea?			22 respostas
b	Xa o fago bastante ben	11	50 %
c	Non teño seguridade; necesito saber máis sobre o tema	4	18 %
a	Non teño tempo	3	14 %
d	É caro facelo mellor	2	9 %
e	Teño moito traballo co resto da explotación	2	9 %
Que necesitarías para dedicarlle máis tempo á recría?			22 respostas
a	Que mo expliquen mellor	6	27 %
d	Que me demostren a rendibilidade en euros para investir convencido	5	23 %
e	Que paguen mellor o leite	5	23 %
b	Que o veterinario me guíe nisto	3	14 %
c	Xa o fago bastante ben	3	14 %

► CADA DÍA DE ENFERMIDADE, CADA BAIXA OU CADA ATRASO NO CRECEMENTO SUPORÁN MENOS DÍAS PRODUTIVOS NA GRANXA

Figura 9. Enquisa nunha reunión de veterinarios *frikis* en Ribadeo (Lugo)

	Pregunta 1: Por que non máis tempo?	Pregunta 2: que ten que pasar para que te dediques máis?
1	O gandeiro non reclama este servizo	Consideralos un asesoramento específico e que fose remunerado
	Polo pouco valor do animal	Cambiar o chip ou poñer en valor esta fase
	Falta de tempo e coñecementos	
2	Difícil concienciar o gandeiro	Que o gandeiro queira investir máis tempo e diñeiro
	É complicado que lle dedique tempo contigo	Depende do tempo que eu poida dedicar a convencelo
	Os resultados son lentos e esgotáselles a paciencia	
3	O gandeiro non pagará ou non se interesará da mesma forma que o fai en vacas de leite	Mellor e máis formación
	Menos formación, case todo centrado en lactación	Servizo remunerado
4	Falta de tempo	Gandeiro máis profesional
	Non hai demanda	
5	Falta de presión do gandeiro	Ocuparme como xestor
6	Área pouco definida fronte ás demais e ás establecidas (repro, alimentación, clínico). Hai especialistas en recría?	Cambiar a estimación do gandeiro, convencéndoo da importancia económica
7	Tempo	Tempo para formarse
	Que o paguen	Tempo para convencer o gandeiro de que é un servizo para cobrar, que ten un retorno para a súa explotación
8	Dedícolle moito tempo	Poder "medir" os resultados
9	O gandeiro non o demanda	Que o gandeiro mo pida
		Que mo pague

Figura 10. Resumo da enquisa de veterinarios *frikis* en Ribadeo (Lugo)

Pregunta 1: por que non máis tempo?	
Non hai demanda	4
Non teño tempo	3
Non está implantado como debería	4
O gandeiro non o ve necesario	8
Pregunta 2: que ten que pasar para que te dediques máis?	
Implantalo	5
Remunerado	5

LECHES MATERNIZADAS



serval
Bienestar y rendimientos



Mejora tus resultados



CRECIMIENTO ÓPTIMO ✓



SEGURIDAD DIGESTIVA CONTROLADA ✓



RENDIMIENTO Y CONFORMACIÓN ✓

Tel: +34 629 64 02 61
www.serval.fr/es

A falta de demanda é o máis significativo, o non saber como vencer a inercia inmobilista do gandeiro, a falta de tempo dalgún compañeiro (autodescarte) e a falta de remuneración: máis do mesmo. Nas solucións, parece necesario (e isto repetírase moito) que alguén implante algún sistema que sirva de guía; por suposto, que se poida cobrar por iso.

A IMPORTANCIA DA EPIXENÉTICA

A epixenética é apaixonante e se o “cambio de paso” que debemos dar ao redor da recría estaba xustificado, coa epixenética, máis (*Vaca Pinta*, 6, páxs. 78-82, <https://vacapinta.com/gl/hemeroteca/vaca-pinta-6.html>; *Afriga*, 129).

É un mundo emocionante, que simplemente vén dicir que o que somos como adultos está moi relacionado co que vivimos en idades temperás. Isto importa moito, xa que se en momentos críticos sufrimos carencias, estas promoven cambios (adaptación biolóxica herdable) que inducen a unha programación metabólica que “modificará” en gran medida o que somos fronte ao que poderíamos ser; os cambios prodúcense xa na etapa fetal e en idades temperás dos individuos, polo que os estados carenciais, o medo e calquera estrés ten máis importancia da que se supuña. Son lecturas recomendables todas as que se fagan acerca do tema.


Precisamente por medio da epixenética podemos entender mellor a importancia que ten o manexo das nosas vacas en todas as etapas,

mesmo antes de iniciar a de recría propiamente (si, na etapa fetal).

Na revista *Afriga* 129 (“Avaliación do manexo das vacas leiteiras ao redor do parto nas ganderías de Galicia. Cales son as principais áreas de mellora?”, páxs. 82-84) [https://issuu.com/transmediacomunicacion/docs/afriga129_galego_132_pp], a compañeira Águeda Capón avalía o manexo nun pequeno número de explotacións (22) nos momentos máis críticos para a vaca e a futura xata, o periparto. Usa para iso dRisk (Elanco) e achega os datos obtidos para o secado, preparto e posparto. A continuación, reproducimos o resumo da avaliación: atendemos ao que dá leite e ignoramos todo o demais, polo que entendo que toca reflexionar.

► FALTA FORMACIÓN TANTO EN GANDEIROS COMO EN VETERINARIOS PARA VER UNHA ÁREA DE MELLORA NOS ANIMAIS “QUE AÍNDA NON DAN LEITE”

Figura 11. Puntuación das condicións de aloxamento, alimentación e manexo nos lotes de secado, preparto e posparto das 22 explotacións avaliadas (frecuencia absoluta)



Fonte: *Afriga*, 129, pág. 84

Figura 12. Achegas de Clarifide Plus



► DEBERÍASE FAVORECER MÁS A CREACIÓN DE CENTROS DE RECRÍA CON CARÁCTER COMARCAL

FALTA PRESIÓN COMERCIAL?

Un profesional moi coñecedor do noso sector e vinculado a este como xornalista especializado opina que ao tema da recría lle falta presión comercial. É posible que teña razón. Precisamente, o pasado mes de marzo Nanta e Zoetis achegáronnos formación, á vez que presentaron o seu programa Recría con Prima (Nanta) [https://www.facebook.com/pg/recriaNantaPrima/videos/?ref=page_internal], co que logran pesos e idades ao parto mellores que as medias actuais usando un programa alimenticio co que conseguen un crecemento acelerado, e estano implantando en explotacións, a pé de obra. Así exposto, o gandeiro déixase facer; o “que mo demostren” que se aprecia nas figuras 5, 6 e 8 extraídas dos diferentes foros faise realidade e “acompañan” o gandeiro e as súas xatas ata o final. Pola súa banda, a outra rama comercial, Zoetis, presentou Clarifide Plus (figura 12) como unha valiosa ferramenta para completar o bo facer.

É unha tentación seleccionar o mellor do mellor, que só deberían usar (na miña opinión) os gandeiros que teñan superado con nota a materia de recría e o manexo en xeral. Xa sabemos o papel da epixenética en todo isto.

En referencia a este tema, lembro que Ramiro Fouz (representando ao equipo de Africor Lugo) comentaba nunhas xornadas en Zamora (XXI Encontro Provincial de Afriza, 22 de xuño de 2018) que a expresión xenética das nosas vacas se debe actualmente nun 89 % ao manexo e a alimentación, fronte ao 11 % por causa xenética, é dicir, que podemos estragar a mellor xenética se as nosas instalacións e o noso manexo non son adecuados, o que nos leva a lembrar o título desa charla que recolle moi ben esta reflexión: que a produción do leite debe ser “vista con lentes de ver de lonxe”: <https://vacapinta.com/es/tv/xxi-encuentro-provincial-de-afriza/2812-la-produccion-de-leche-ista-con-gafas-de-lejos-co.html>.

▶ AO CORRIXIR AS MELLORAS PENDENTES NA RECRÍA, AS EXPLOTACIÓNS SERÁN MÁIS EFICIENTES E TODOS SAIREMOS BENEFICIADOS

Figura 13. Recría en positivo



Amamantadora artificial



Taximilk

Seguramente, debería favorecer máis a creación de centros de recría con carácter comarcal, de maneira que non asumir a recría fose tamén unha opción para calquera gandeiro.

CONCLUSIÓNS

Parece que a capa de xeo empeza a romper, seguramente porque as presións chegan desde moitos ángulos e todo suma, pero de maneira máis lenta do esperable. O consumidor quere que os lácteos que adquiere proveñan de animais ben coidados, polo que as industrias lles están a reclamar aos seus provedores garantías acerca do estado de benestar de todos os seus animais; As casas comerciais presionan coa demostrada calidade dos seus produtos (pensos, vacinas, aleitadoras...).

As auditorías no ámbito da recría vanse impondo progresivamente co seu asesoramento e incidindo cada vez máis nesta fase de “non leite” que tanta repercusión ten nos DTV e no leite producido/día de vida, que engloba o resultado de todo o eficientes que somos na granxa.

Moitos de nós estamos convencidos de que ao corrixir as melloras pendentes na recría as explotacións serán máis eficientes e todos sairemos beneficiados. O gandeiro, o que máis. E niso estamos. Eu apúntome. ■



Exemplo de protección contra o frío de xatas



Exemplo de explotación con cambios espectaculares despois de asistir a talleres formativos



Valoración da calidade do costro nun taller formativo



Xato aposturado tras nacer